

TITULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS
Escola Superior de Conservación e Restauración de BBCC de Galicia
Técnica da conservación activa dos bens arqueolóxicos II
Departamento: Conservación e restauración de materiais arqueolóxicos
Obrigatoria da especialidade
Curso: 3º arqueoloxía
2º Cuadrimestre
3 ECTS
Teórica
Profesor: Comba Torre Castro
comba.torre.castro@edu.xunta.gal
Horario: 2 horas semanais
DESCRIPCIÓN DA MATERIA

Estudo das alteracións para establecer diagnósticos e propostas de tratamento. Definición dos criterios de intervención aplicables. Metodoloxía e técnicas específicas de conservación e restauración.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

T2	Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.
T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e a comunicación.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumento
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.

COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN

X1	Contextualizar o ben cultural, entendendo o seu significado como testemuña documental para o seu respecto e transmisión.
X2	Coñecer e identificar a composición material do ben cultural e os procedementos e técnicas empregados na súa elaboración.
X3	Recoñecer e identificar as alteracións do ben cultural e as causas do seu deterioro para avaliar o estado de conservación.
X4	Determinar os exames ou análises precisos para avaliar os seus resultados.
X5	Determinar os criterios de intervención e decidir o tratamento de conservación máis axeitado.
X6	Acadar coñecementos críticos sobre a metodoloxía, estratexias de actuación, tratamentos e emprego de materiais para a conservación e restauración.
X7	Deseñar sistemas e tratamentos de conservación e restauración.

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE DE ARQUEOLOXÍA

EA1	Diagnosticar as alteracións dos bens arqueolóxicos e dos seus materiais constitutivos mediante o seu exame, identificación, análise e valoración.
-----	---

UNIDADES DIDÁCTICAS		
Unidade	Subtemas	% da materia
1. Introducción	1. Metodoloxía de traballo en conservación restauración 2. Diagnose: <ol style="list-style-type: none"> 1. Caracterización dos materiais, propiedades 2. Caracterización dos axentes 3. Diagnose 3. Deseño dos tratamentos e propostas: limpeza, estabilización, consolidación, reintegración	10%
2. Degradación dos materiais.	1. Degradación de pedra 2. Degradación de pintura mural e mosaico 3. Degradación de adobe e materiais de terra 4. Degradacións dos inmobles arqueolóxicos	30%
3. Tratamentos curativos de conservación restauración	1. Limpeza: pedra; adobe; morteiros; pintura mural e mosaico 2. Estabilización e desalgación: pedra; adobe; morteiros; pintura mural e mosaico 3. Consolidación e adhesión: pedra; adobe; morteiros; pintura mural e mosaico 4. Reintegración: pedra; adobe; morteiros; pintura mural e mosaico	40%
4. Xacementos arqueolóxicos	1. Características dos bens arqueolóxicos de natureza inmovible 2. Degradación de estruturas arqueolóxicas. Diagnose. 3. Proxectos de conservación-restauración para inmobles: metodoloxía e fases de traballo 4. Intervencións activas sobre elementos inmobles e xacementos	20%

PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Metodoloxías	Horas aula	Horas fora	Total
Sesión maxistral	24		24
Estudo e traballo autónomo		33	33
Lecturas e debates, prácticas e estudos de casos	12	6	18
Total	36	39	75

METODOLOXÍA DOCENTE

Metodoloxía	Descrición
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor das bases teóricas da materia
Estudo e/ou aprendizaxe autónomo	Estudo individual, utilizando diversas fontes (documentación aportada polo profesor a través de Moodle-, bibliografía, etc.)
Estudos de caso, prácticas, debates, outras actividades	Charlas e debates, a partires da lectura e comentario crítico de artigos científicos sobre os contidos da materia; exercicios de reflexión, de forma individual ou cooperativa, oral ou escrita; prácticas; exercicios realizados a través das TIC

SISTEMAS DE AVALIACIÓN

Método	Criterios	% avaliación
Lecturas e estudos de casos	- Aplicación dos coñecementos adquiridos - Capacidade de análise crítico - Adquisición competencias teóricas - Os criterios de cualificación quedarán expresados en rúbricas dispoñibles na plataforma docente.	30%
Cuestionarios, probas escritas	- Probas que valoran a asimilación e aplicación dos coñecementos adquiridos	60%
Observación sistemática	- Puntualidade e asistencia a clase, entregas en prazo de traballos, participación activa en debates e prácticas propostas, asimilación e aplicación dos coñecementos adquiridos.	10%
Total		100%

OUTROS COMENTARIOS Á AVALIACIÓN E MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

Está prohibida a gravación de fotos, vídeo ou audio, das clases. A asistencia é obrigatoria. O alumnado que exceda o 20% de faltas de asistencia sen xustificar, perderá o dereito á avaliación continua e irá directamente á convocatoria ordinaria. A non asistencia ás clases repercutirá na cualificación. Para aprobar a cadeira será preciso acadar unha media de 5 nos resultados teórico-prácticos, e só se o cómputo da nota supera o 5 será valorada a observación sistemática.

Avaliarase o progreso do proceso de aprendizaxe, incluíndo este tódolos resultados acadados no traballo continuado de clase, os exercicios e traballos entregados no tempo estipulado e dous exames parciais que se realizarán ao longo do curso.

- **Avaliación continua:** o alumnado deberá realizar tódolos traballos e exames establecidos ao longo do curso. Será imprescindible obter un mínimo de 4 para facer medias. En caso de perda de avaliación continua o alumnado deberá presentar igualmente os traballos propostos ao longo do curso, tanto en convocatoria ordinaria como en extraordinaria.
- **Convocatoria ordinaria:** consistirá na realización dunha proba, comprendendo esta os contidos teóricos e prácticos e todos aqueles relacionados cos traballos e lecturas realizados ao longo do curso e recollidos como parte da avaliación. A avaliación ordinaria consiste nunha proba escrita, de valor 70% do total da cualificación final. Para poder presentarse á proba será necesario ter presentado todos os traballos, prácti-



cas e informes realizados durante o curso (30%).

- **Convocatoria extraordinaria:** para poder presentarse á proba será necesario ter presentado todos os traballos, prácticas e informes realizados durante o curso. A avaliación extraordinaria consistirá na realización dun exame global, consistente nunha proba escrita. Neste caso, o valor da proba será do 90% e os traballos de clase un 10%.

Procedementos de comunicación para titorías e consultas: Presencial en horario de titorías, correo electrónico, plataforma Moodle, e excepcionalmente, videoconferencia Webex.

ATENCIÓN PERSONALIZADA

Ofreceranse titorías ó alumnado durante todo o curso. As titorías docentes terán un horario específico establecido para esta finalidade. O alumno que solicite titoría deberá avisar previamente para confirmar dispoñibilidade do profesor.

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

- Berdoucou, Marie Claude. (Coord.) (1990). *La conservation en archéologie*. París: Masson: Paris.
- Black, James. (comp.) (1987). *Recent advances in the conservation and analysis of artefacts*. London: Summer School Press, University of London.
- Borrelli, Ernesto (1999) *Conservation of Architectural Heritage, Historic Structures and Materials. ARC Laboratory Handbook*. Roma: ICCROM.
- Cronyn, Janey M. (1990). *The elements of archaeological conservation*. London: Routledge.
- Delcroix, Gilbert.; Tortel, C. (1973). *Contribution a l'élaboration d'une méthodologie de la sauvegarde des Biens Culturels*. Paris: Imprimerie CNRS.
- Dowman, Elizabeth A. (1970). *Conservation in field archaeology*. London: Methuen and Co., Ltd.
- Fenández. Carmelo., Castro, Ladislao. e Pérez. Fermín. (eds)(1993). *Arqueología y Conservación*. Xinzo de Limia: Concello de Xinzo de Limia.
- Kühn, Hermann. (1986). *Conservation and restoration of works of art and antiquities. Vol. 1*. Butterworths, London.
- Laborde Marqueze, Ana (1986). *Conservación y restauración en yacimientos prehistóricos. Cahier Noir (monografic)*, Girona: Centro de Recerques paleo-eco-socials.
- Meyer, Nicole e Relier, Caroline (eds)(1988). *Conservation des sites et du mobilier archéologiques. Principes et méthodes. Études et documents sur le patrimoine culturel*, 15. Paris: Unesco.
- Pearson, Colin. (1987). *Conservation of marine archaeological objects*. London: Butterworths.
- Plenderleith, Harold James (1967) *La Conservación de Antigüedades y Obras de Arte*. Madrid: Instituto Central de Conservación y Restauración de Obras de Arte, Arqueología y Etnología. Ministerio de Educación y Ciencia. Dirección General de Bellas Artes.
- Plenderleith, Harold James e Werner, Alfred Emil Anthony (1971) *The Conservation Of Antiquities And Works Of Art. Treatment, Repair, And Restoration*. London: Oxford University Press.
- Roy, Ashok. & Smith, Perry. (eds)(1996). *Archaeological Conservation and its consequences*. Preprints of the IIC Copenhagen Congress, 1996.
- Stanley-Price, Nicholas (1984). *La conservación en excavaciones arqueológicas*. Madrid: ICCROM, Ministerio de Cultura. Proporcionarase a través da aula virtual máis bibliografía e recursos específicos para a materia.